

No Século 13 era coñecida esta parroquia co nome de Camues, despois co tempo veuse chamar Camos. O 13 de Xuño do ano 1228 o Rei Dn. Alonso 9º de Leon fixo doazón ao Mosteiro de Oia da cuarta parte da Igrexa de Sta. Baía de Caamones, que así a expresa, en recompensa da Vila de Saa que lle tomara: cuxa mercé confirmou máis adiante o seu fillo o Sto. Rei Dn. Fernando estando en Tui a 13 de Marzo de 1232. Venera por patroa tutelar a Sta. Baía Virxe e Mártir de Mérida (059), a quen celebra a súa festa o 10 de Decembro. Habitana 226 veciños, que corresponden polo contencioso ao Xuíz de Baiona, e polo político e gubernativo ao Procurador xeral do Val de Miñor. No Pontificado do Sor. Bispo Dn. Domingo fernández Angulo desmembrouse de Camos a parroquia de Chandebrito: e antes de facerse esta separación os décimos de aquela partíanse por metade entre o Párroco e Beneficiado sen cura que nela había: e desde que se fixo a desmembración quedouse o Abade da matriz coa súa metade que lle vale 13.000 reais, e da metade da sen cura agregouse á fábrica da Igrexa de Chandebrito a cuarta parte, e ao seu Párroco as outras tres cuartas. O de Camos ten casa reitoral e igrexario de 9¼ ferrados de pan en semente. A fábrica da Igrexa percibe cada ano de foros e censos 8 ferrados de millo e 44 reais. Pagaba antes á Mitra de Tui 30 soldos leoneses 1 libra de cera 36 marabedís vellós, e hoxe faíno de 2 ferrados de trigo, 2 de centeo e 2 de miúdo. Este Beneficio é de provisión do poseedor da Casa de Cea sita na mesma parroquia como dono que é do Morgado de Sn. Cristovo de Regodeygon ao que está incorporada dita presentación polo Chantre da Catedral de Tui Dn. Lope Garcia Sarmiento, patrón que era in solidum do motivado curato. Ten Camos unha fundación que produce anualmente 10 ferrados de centeo e 14 de miúdo, que están destinados para que o Párroco os reparta aos pobres no mes de Maio de cada ano. Dista de Tui 3 leguas menos cuarto.

(ÁVILA Y LA CUEVA, 506-507)





060



061

Igrexa Parroquial:

Templo de planta rectangular para unha nave e ábsida tamén rectangular.

Con posterioridade foille adosada unha pequena sancristía no lado norte.

A fachada occidental presenta as características comúns das igrexas que foron reformadas no século XVIII (058).

Está encadrada por pilastras extremas coroadas por pináculos.

A porta alintelada e cunha moldura que sustenta tres apoios para unha pequena cornixa de adorno. Mesmo enriba dela unha pequena peaña que fai de base da fornela, que na actualidade está baleira. Unha ventá rectangular tamén con moldura acobadada.

Remátase nunha espadana de dous corpos. O primeiro con dous ollos de arco semicircular, e o segundo cun oco similar de adorno e dous pináculos distintos aos de remate das pilastras, e frontón triangular coroadado de cruz pétreo.

Catro contrafortes dan consistencia aos muros laterais.

A ábsida conserva a bóveda de pedra e algúns restos das **pinturas** que a cubrían. Falta a parte central, pero nos laterais pódense observar a un lado algúns apóstolos (061) e no outro os Padres da Igrexa e outros santos (060).

O único **retablo** (062) que se conserva é o maior. Na predela ten o sagrario. O corpo está dividido en cinco rúas por columnas de capitel corintio. A central máis ampla que as laterais. Nela unha fornela acolle a imaxe da Patroa.

As rúas laterais teñen peñas, a distinta altura as interiores das exteriores, onde se mostran as imaxes do Carme e S. Xosé co Neno nas interiores, e Santo Antón de Pádua e Santa Lucía nas exteriores.

No ático, dúas columnas, máis pequenas pero similares ás do corpo, e unha pintura a modo de cortinóns, enmarcan unha peaña central na que está San Roque.

Conserva na igrexa dous frontais (063) dos antigos retablos: Virxe do Rosario e As Dores.

Cerca da igrexa está un dos cruceiros máis antigos do Miñor (065). É curioso que sobre o fuste circular ponse directamente a cruz de sección cadrada (064/066), sen capitel. Na base ten a inscrición do abade que o mandou facer e o ano de 1616.



062



063




064

FESTAS E ROMAXES DE CAMOS:

- San Roque: 16 e 24 de Agosto.
Romaría na Capela.
- Santa Baia: 10 de Decembro.



065



066